

CATÁLOGO

PARQUES EÓLICOS

EDITA

XUNTA

DE GALICIA

Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

ELABORA

Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa

DESEÑO/MAQUETACIÓN

cristinazzdesign

ANO DE EDICIÓN

2021

PARQUES EÓLICOS

Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

Secretaría Xeral Técnica

Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa

ÍNDICE

- PAX. 07 1. Introducción.
- PAX. 08 Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.
- PAX. 08 Catálogos.
- PAX. 09 Sector eólico.
- PAX. 10 Cadro resumo.

- PAX. 11 2. Requisitos necesarios para solicitar o inicio dun procedemento de autorización administrativa previa e de construción dun parque eólico.
- PAX. 13 2.1 Requisitos previos á presentación da solicitude referidos á persoa solicitante.
- PAX. 13 2.2 Requisitos previos á presentación da solicitude referidos ao parque eólico.

- PAX. 17 3. A solicitude de inicio dun procedemento da autorización administrativa previa e de construción dun parque eólico.

- PAX. 25 4. Presentación da solicitude para que o proxecto poida ser declarado iniciativa empresarial prioritaria.

- PAX. 29 5. Fase de solicitude e emisión do informe de distancias e outros informes sectoriais que deban ser emitidos polos órganos competentes.

- PAX. 31 6. Trámite de información pública, audiencia e consultas.

- PAX. 33 7. Presentación da documentación definitiva pola persoa promotora.

- PAX. 37 8. Avaliación ambiental.

- PAX. 41 9. Resolución de autorización administrativa previa e de construción.

- PAX. 43 10. Aprobación do proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico).

- PAX. 45 11. Declaración de utilidade pública.
- PAX. 47 11.1 Trámite e declaración de compatibilidade ou prevalencia.

- PAX. 49 12. Tramitación municipal.
- PAX. 51 12.1 Posibilidade de presentar consultas previas ante o concello.
- PAX. 51 12.2 Aboamento dos tributos que procedan, de ser o caso.
- PAX. 53 12.3 Obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade.

- PAX. 57 13. Outros trámites previos á execución das obras.

- PAX. 61 14. Execución das obras e solicitude de autorización de explotación.

- PAX. 65 15. Comunicación previa de actividade e outros trámites previos ao inicio.

- PAX. 69 16. Inicio da actividade e aboamento do canon eólico.

1. INTRODUCCIÓN

LEI DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DE APOIO Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA

O Parlamento de Galicia aprobou recentemente a **Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia**.

Esta lei ten por **obxecto** establecer as medidas necesarias para facilitar a reactivación da actividade económica tras a crise xerada polas consecuencias da pandemia da Covid-19, no marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, desde unha perspectiva de **simplificación administrativa que favoreza a implantación e o funcionamento das iniciativas empresariais en Galicia**.

O título II da lei regula os sistemas de apoio administrativo á implantación de iniciativas empresariais, e divídese en tres capítulos. O capítulo I crea o **Sistema de Atención ao Investimento**, como unha figura clave para dar resposta á demanda clásica da cidadanía en xeral, e dos colectivos vinculados á empresa en particular, sobre as dificultades existentes para obter a información e a orientación que precisan para poñer en marcha as súas iniciativas empresariais, a través dun servizo de acompañamento e información que lle **ofrece a posibilidade de realizar a tramitación administrativa autonómica e mesmo tamén a local, nos supostos de adhesión dos concellos a este**.

CATÁLOGOS

Como medida de apoio á implantación das iniciativas empresariais, destaca no capítulo I a referencia á creación dunha serie de **catálogos**, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia. No punto 1 do artigo 14 especificácase que, a través do Sistema de Atención ao Investimento, se poderá acceder de maneira gratuíta aos “catálogos en que se recollan de forma clara e por orde cronolóxica todos os trámites administrativos exixibles e as actuacións necesarias para a implantación das iniciativas empresariais, incluídos os de competencia municipal dos concellos adheridos ao Sistema de Atención ao Investimento”.

Estas figuras, que deberán actualizarse permanentemente, supoñen unha gran simplificación para as empresas e, en particular, para as persoas emprendedoras, que poderán consultar os trámites que lles serán exixidos pola Administración autonómica, o que supón facilitar a comprensión, a planificación e a tramitación da parte administrativa.

SECTOR EÓLICO

Tal como se recolle na Lei 9/2021, cada un dos catálogos debe sinalar os trámites necesarios para a constitución e posta en marcha das diferentes iniciativas empresariais.

Este catálogo refírese ao sector eólico, en concreto á creación de novos parques eólicos, **cuxa autorización sexa competencia da Comunidade Autónoma de Galicia**, regulada pola Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. Quedarían excluídas da tramitación recollida neste catálogo:

- a) As instalacións cuxa autorización sexa competencia da Administración do Estado¹.
- b) As instalacións eólicas de potencia menor ou igual a 100 kW.
- c) Os parques eólicos experimentais que leven asociado un alto compoñente de investigación en I+D+i, definidos no artigo 3 do Decreto 30/2011, do 17 de febreiro, polo que se establece o procedemento para a autorización de parques eólicos experimentais con alto compoñente de I+D+i na Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que o substitúa.
- d) As instalacións de xeración eólica para o autoconsumo asociadas a unha instalación de potencia eléctrica contratada superior á potencia eólica que se pretenda instalar.

A intención deste documento é proporcionarlle unha visión sinxela do conxunto do procedemento á persoa promotora dunha instalación de produción de electricidade obtida da enerxía eólica, cuxa autorización sexa competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, sen entrar na análise de todos os trámites relativos á constitución e posta en marcha da empresa e á contratación de persoal, así como os vinculados á súa actividade ordinaria (tributación, Seguridade Social...). Tampouco se recollen os relativos ao ámbito da prevención de riscos laborais.

É necesario que, con carácter previo, a persoa interesada na promoción deste tipo de actividades económicas coñeza da existencia das disposicións que resulten aplicables, establecidas en materia de ordenación do territorio. Neste senso, o **Plan sectorial eólico de Galicia** integra as diferentes áreas de desenvolvemento eólico (ADE) para garantir unha adecuada inserción das infraestruturas e instalacións dos parques eólicos no territorio.

Cómpre referirnos tamén ao feito de que a infraestrutura de evacuación se poderá someter a unha tramitación conxunta coa autorización do parque eólico, ou realizarse como expediente independente, suxeitándose tamén ao procedemento previsto na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

¹ / Artigo 3.13 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

PERSOA PROMOTORA

ACTUACIÓN PREVIAS:
1. Garantía económica
2. Solicitude do permiso de acceso

SOLICITUDE IN408A
- Autorización previa e de construción
- Aprobación do proxecto de interese autonómico (proxecto sectorial)
- Declaración de utilidade pública

VERIFICACIÓN DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DA SOLICITUDE POR PARTE DA DIRECCIÓN XERAL

DOCUMENTACIÓN QUE CÓMPRE PRESENTAR COA SOLICITUDE:
1-Documentación xustificativa da capacidade legal, técnica e económica.
2-Proxecto de execución
3-Relación de bens e dereitos afectados
4-Documentación ambiental segundo o disposto na Lei 21/2013
5-Separatas técnicas para as entidades con bens e dereitos afectados
6-Proxecto de interese autonómico (proxecto sectorial)
7-Xustificante de pagamento de taxas
8-Resgardo de garantía económica
9-Permiso de acceso

SI

NOTIFICACIÓN DE ADMISIÓN A TRÁMITE

NON

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DECLARA INADMISIÓN

ABOAMENTO DA TAXA DE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA

ADMISIÓN A TRÁMITE

A DIRECCIÓN XERAL SOLICITA O INFORME DE DISTANCIAS AO ÓRGANO COMPETENTE EN URBANISMO, E INFORME A OUTROS ÓRGANOS SECTORIAIS AFECTADOS

INFORMES DESFAVORABLES

Modificación substancial do proxecto
Arquivo da solicitude por incompatibilidade logo de audiencia á persoa promotora

PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE PARA QUE O PROXECTO SEXA DECLARADO COMO INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA

INFORMES FAVORABLES

Á DIRECCIÓN XERAL REMITE O EXPEDIENTE Á UNIDADE TRAMITADORA (XEFATURA TERRITORIAL)
(*Se afecta a máis dunha provincia a unidade tramitado é a Dirección Xeral

TRÁMITE DE AUDIENCIA E CONSULTAS E INFORMACIÓN PÚBLICA

PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE COMPATIBILIDADE E PREVALENCIA DE UTILIDADES PÚBLICAS (DE SER O CASO)

A UNIDADE TRAMITADORA DÁ TRASLADO Á PERSOA PROMOTORA DOS INFORMES DAS ADMINISTRACIÓNS E ORGANISMOS AFECTADOS, E DAS ALEGACIÓNS RECIBIDAS

A PERSOA PROMOTORA PRESENTA A DOCUMENTACIÓN ADAPTADA (se non a presenta considérase que desiste da súa solicitude)

A UNIDADE TRAMITADORA EMITE INFORME DEFINITIVO E DÁ TRASLADO DO EXPEDIENTE A DIRECCIÓN XERAL

A DIRECCIÓN XERAL VERIFICA A INTEGRIDADE DOCUMENTAL DO EXPEDIENTE E REMITE AO ÓRGANO AMBIENTAL

O ÓRGANO AMBIENTAL EFECTÚA A ANÁLISE TÉCNICA DO EXPEDIENTE

ACREDITACIÓN PUNTO DE ACCESO E CONEXIÓN

O ÓRGANO AMBIENTAL FORMULA A DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL (DIA) FAVORABLE
(1) A DIA recolle as condicións ambientais de obrigado cumprimento para a persoa promotora
(2) Considérase o caso da AVALIACIÓN AMBIENTAL ORDINARIA por ser o máis frecuente na tramitación de novos parques eólicos

DIRECCIÓN XERAL/
CONSELLEIRO/
CONSELLO XUNTA

RESOLUCIÓN DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA E DE CONSTRUCIÓN

APROBACIÓN DO PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO

DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA

NECESIDADE DE URXENTE OCUPACIÓN

PROCEDEMENTO EXPROPIATORIO

OCUPACIÓN DOS TERREOS CON TÍTULO HABILITANTE

SOLICITUDE DA LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS

ABOAMENTO DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS

RESOLUCIÓN DO CONCELLO

COMUNICACIÓN PREVIA DO INICIO DAS OBRAS Á DIRECCIÓN XERAL

EXECUCIÓN DA OBRA (Durante a execución, remisión á Dirección Xeral dos informes de seguimento ambiental coa periodicidade indicada na DIA)

CERTIFICADO FINAL DE OBRA EMITIDO POLA DIRECCIÓN FACULTATIVA

SOLICITUDE AO ÓRGANO TRAMITADOR DA AUTORIZACIÓN DE EXPLOTACIÓN

RESOLUCIÓN DA AUTORIZACIÓN DE EXPLOTACIÓN

COMUNICACIÓN PREVIA PARA O INICIO DA ACTIVIDADE AO CONCELLO

OUTROS TRÁMITES
1. Solicitude á entidade xestora da rede da autorización da distribución, para poñer en tensión a explotación
2. Inscripción no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica

INICIO DA ACTIVIDADE

PAGAMENTO DO CANON EÓLICO

2. REQUISITOS NECESARIOS PARA SOLICITAR O INICIO DUN PROCEDIMIENTO DE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA E DE CONSTRUCCIÓN DUN PARQUE EÓLICO

Debemos comezar este catálogo poñendo de manifesto a existencia na normativa aplicable dunha serie de requisitos que deben ser acreditados, como punto de partida, para poder solicitar o inicio dun procedemento de autorización administrativa previa e de construción dun parque eólico. Estes requisitos refírense tanto á persoa solicitante como ao parque eólico que se pretenda implantar.

2.1. REQUISITOS PREVIOS Á PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE REFERIDOS Á PERSOA SOLICITANTE

As persoas promotoras que presenten as solicitudes de autorización deben acreditar estar en posesión da **capacidade legal, técnica e económica** exixida² para a realización do proxecto.

CAPACIDADE LEGAL	A persoa solicitante deberá ter personalidade física ou xurídica propia, excluíndose as unións temporais de empresas.
CAPACIDADE TÉCNICA	Resulta tamén preciso para poder iniciar o procedemento cumprir, cando menos, un dos seguintes requisitos vencellados á capacidade técnica: a) Exercer a actividade de produción de enerxía eléctrica durante, polo menos, os últimos tres anos, ou b) Contar entre os seus accionistas cunha persoa socia que participe no capital social cunha porcentaxe igual ou superior ao 25% e que poida acreditar a súa experiencia durante os últimos tres anos na actividade de produción de enerxía eléctrica, ou c) Subscribir un contrato de asistencia técnica por un período de tres anos cunha empresa que acredite experiencia na actividade de produción de enerxía eléctrica e que cumpra, pola súa vez, con algún dos requisitos que se describen nos parágrafos anteriores.
CAPACIDADE ECONÓMICA	Entenderase cumprida cando se achegue documentación suficiente que garanta a viabilidade económico-financeira do proxecto. Esta documentación deberá incluír, polo menos, unha declaración responsable e un estudo económico-financeiro que xustifique a viabilidade do proxecto.

2.2. REQUISITOS PREVIOS Á PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE REFERIDOS AO PARQUE EÓLICO

O primeiro aspecto que cómpre salientar é o que se refire á localización dos parques. A norma establece que non se poderán implantar parques eólicos fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, con dúas únicas excepcións: a) as modificacións substanciais que se realicen nos parques que xa se atopan en funcionamento, nos termos que se desenvolvan regulamentariamente; b) naqueles casos en que o proxecto teña unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, e posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio, cando sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

En calquera caso, todos os proxectos deberán cumprir as distancias mínimas ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano e urbanizable delimitado, e será necesario que o uso do solo sexa compatible coa implantación destas infraestruturas. Asemade, a normativa recolle as seguintes limitacións, previas á presentación de solicitudes de autorización, relativas aos parques eólicos.

2/ Artigo 30 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

REDE NATURA

Quedan excluídos da implantación de novos aerogeradores aqueles espazos naturais declarados como zonas de especial protección dos valores naturais que formen parte da Rede Natura 2000, conforme a normativa vixente en cada momento.

PROHIBICIÓN EXPRESA DO SOLAPAMENTO DE SOLICITUDES

As solicitudes de autorización administrativa previa e de construción non poderán solaparse con ningún parque eólico en explotación, autorizado pendente de construción ou en fase de tramitación administrativa, salvo que exista un acordo elevado a escritura pública entre os/as titulares dos parques eólicos afectados.

Pode resultar interesante para a persoa promotora consultar o **Rexistro Eólico de Galicia**, que, con carácter meramente informativo, recolle dixitalmente a localización cartográfica de todos os parques eólicos en funcionamento, autorizados ou en tramitación administrativa no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Este rexistro constitúese como un instrumento de consulta, non vinculante, e de apoio para a xestión dos solapamentos.

Por último, para presentar a solicitude de inicio dun procedemento de autorización administrativa previa e de construción dun parque eólico, **deberá contarse co permiso de acceso á rede de transporte e distribución**, debendo ter en conta que, antes de realizar a solicitude de acceso e conexión á rede de transporte, ou se é o caso á rede de distribución, deberá presentar ante o órgano competente para outorgar a autorización da instalación o resgardo acreditativo de ter depositado unha **garantía económica** por unha contía equivalente a 40 €/kW instalado.

O resgardo acreditativo de ter constituído a garantía deberá ir acompañado dunha solicitude expresa para que o devandito órgano se pronuncie sobre se a garantía está axeitadamente constituída, co fin de poder presentar esa confirmación ante o xestor de rede pertinente e que este poida admitir a solicitude. A solicitude deberá incluír **a rede de transporte ou distribución** á cal se prevé solicitar o acceso e a conexión.

A presentación do resgardo acreditativo será un requisito imprescindible para a iniciación dos procedementos de acceso e conexión, debendo presentalo ante o xestor da rede de transporte ou, se é o caso, do xestor da rede de distribución.

Garantías económicas

ÓRGANO RESPONSABLE

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

FINALIDADE

- A finalidade da garantía constituída será a obtención da autorización de explotación.
- No resgardo da garantía debe indicarse expresamente a referencia ao artigo 23 do Real decreto 1183/2020, así como, polo menos, os seguintes datos da instalación: tecnoloxía, nome e localización do proxecto, e potencia instalada deste para a súa identificación.
- A garantía económica será cancelada cando a persoa peticionaria obteña a autorización de explotación definitiva da instalación de xeración de electricidade.
- A cancelación realizarase no prazo máximo de 3 meses desde a solicitude da persoa solicitante, achegando a autorización de explotación.

OBRIGATORIO	Si	Requisito documental previo para a admisión a trámite da solicitude da autorización administrativa previa e de construción.
PRAZOS	Previo	Antes de iniciar os trámites de solicitude da autorización administrativa previa e de construción.
TRÁMITE EN LIÑA	Si	Caixa Xeral de Depósitos - Presentación telemática.
PRESENCIAL	Si	Caixa Xeral de Depósitos.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> • Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica (art. 23). • Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. (Artigo 28).

Permiso de acceso e conexión a un punto de rede

ÓRGANO RESPONSABLE		Xestores e titulares de rede.
DESCRIPCIÓN		<p><u>Permiso de acceso</u>: aquel que se outorga para o uso da rede á cal se conecta unha instalación de produción de enerxía eléctrica, almacenamento para posterior inxección á rede, consumo, distribución ou transporte. O permiso de acceso será emitido polo xestor da rede.</p> <p><u>Permiso de conexión a un punto da rede</u>: aquel que se outorga para poder conectar unha instalación de produción de enerxía eléctrica, almacenamento para posterior inxección á rede, consumo, distribución ou transporte a un punto concreto da rede de transporte ou, se é o caso, de distribución. O permiso de conexión será emitido polo/a titular da rede³.</p>
DOCUMENTACIÓN		<p>A presentación do resgardo acreditativo de ter depositado a garantía económica será requisito imprescindible para iniciar os procedementos de acceso e conexión por parte da persoa xestora da rede de transporte ou, se é o caso, da persoa xestora da rede de distribución.</p> <p>Para iso, o órgano competente para outorgar a autorización da instalación remitiralle á persoa solicitante e ao xestor/a da rede a confirmación da adecuada presentación da garantía.</p>
OBRIGATORIO	Si	
PRAZOS	Previo	Antes de iniciar os trámites de solicitude da autorización administrativa previa e de construción.

TRÁMITE EN LIÑA	Si	Os/as xestores/as das redes de transporte e distribución deberán dispoñer de plataformas web dedicadas á xestión de solicitudes de acceso e conexión, tramitación e información sobre o estado destas, nas que os solicitantes poderán consultar o estado da tramitación das súas solicitudes.
PRESENCIAL	Non	
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> • Lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico. • Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica. • Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Cómpre ter en conta que, se non se dispón dos citados requisitos con carácter previo á presentación da solicitude de autorización, esta non será admitida a trámite.

3. A SOLICITUDE DE INICIO DUN PROCEDEMENTO DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA E DE CONSTRUCCIÓN DUN PARQUE EÓLICO

O procedemento administrativo de autorizacións para a instalación de parques eólicos iniciárase por solicitude da persoa interesada, de forma que unicamente serán admitidas a trámite aquelas solicitudes que se presenten ante a **Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais**, exclusivamente a través dos medios electrónicos habilitados para iso, e contén coa documentación necesaria que se anexará a ela, que será, polo menos⁴, a seguinte:

- **Documentación xustificativa da capacidade legal, técnica e económica** da persoa solicitante.
- Copia do **resgardo da presentación da garantía económica** na Caixa Xeral de Depósitos.
- **Proxecto de execución suscrito por técnico ou técnica competente**, con separatas para os organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral afectados. O contido mínimo do proxecto de execución será o establecido regulamentariamente.
- **Documento ambiental que proceda** segundo o establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa, para a avaliación do impacto ambiental do proxecto.
- Se é o caso, **proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico)** co contido e a documentación exixidos nos artigos 44 e 45 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, para os proxectos de interese autonómico.
- Para aqueles casos en que a persoa promotora solicite a declaración de utilidade pública, **relación de bens e dereitos afectados**, así como a **xustificación da necesidade da expropiación**, xunto cunha **declaración responsable dos acordos alcanzados coas persoas titulares dos bens e dereitos afectados**.
- Xustificante de pagamento da **taxa de verificación de requisitos e capacidades**.
- Para aqueles casos en que se produza solapamento de solicitudes, a **escritura pública do acordo entre as partes** á cal nos referimos anteriormente.

A todo isto debemos sumar a necesidade de presentar o permiso de acceso a que nos referiamos no punto anterior.

Se a solicitude presentada non reúne os requisitos exixidos, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais requirirá a persoa interesada para a súa corrección, concedéndolle un prazo de 10 días, e indicándolle que, se non o fixese, se entenderá que desiste desta.

4 / Artigo 29.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

PROXECTO DE EXECUCIÓN QUE ACOMPAÑA Á SOLICITUDE

Proxecto de execución

DESCRICIÓN		Para a autorización de instalación de transporte, distribución, produción e liñas directas de enerxía eléctrica a súa persoa promotora deberá acreditar suficientemente as condicións técnicas e de seguridade das instalacións e do equipamento asociado. Para iso, a persoa promotora deberá elaborar un proxecto de execución suscrito por persoal técnico competente, con separatas para os organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral afectados.
DOCUMENTACIÓN		Segundo indica a disposición transitoria sexta da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia, o contido do proxecto de execución será o indicado para este tipo de instalacións no Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-RAT 01 a 23, aprobado polo Real decreto 337/2014, do 9 de maio, ou norma que o substitúa.
OBRIGATORIO	Si	Artigo 29.c da Lei 8/2009.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none">• Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental (art. 29.c, disposición transitoria sexta).• Lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico (art. 53.4).• Real decreto 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-RAT 01 a 23.

DOCUMENTO AMBIENTAL QUE ACOMPAÑA Á SOLICITUDE, QUE PODERÁ SER UN DOS SEGUINTES:

Estudo de impacto ambiental

DESCRICIÓN		En caso de proxectos sometidos a procedemento de avaliación ambiental ordinaria, a persoa promotora elaborará o estudo de impacto ambiental.
DOCUMENTACIÓN		<ul style="list-style-type: none">• Previamente ao comezo do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, a persoa promotora pode solicitarlle ao órgano ambiental que elabore un documento de alcance do estudo de impacto ambiental. Para iso, a persoa promotora presentará ante o órgano substantivo unha solicitude de determinación do alcance do estudo de impacto ambiental, acompañada do documento inicial do proxecto, tal como se explica anteriormente.• No estudo de impacto ambiental constará, polo menos, a información contida no artigo 35 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental nos termos desenvolvidos no anexo VI desta mesma normativa.• Cando o órgano ambiental elaborase o documento de alcance de conformidade co disposto no artigo 34, a persoa promotora elaborará o estudo de impacto ambiental axustándose á información requirida no devandito documento.

OBRIGATORIO	Si	Nos casos en que non se presente a solicitude xunto con documento de alcance do estudo de impacto ambiental.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; artigo 35, anexo VI.

Documento de alcance do estudo de impacto ambiental

ÓRGANO RESPONSABLE		<ul style="list-style-type: none"> Órgano substantivo: Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. Órgano ambiental: Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.
DESCRIPCIÓN		Pronunciamento do órgano ambiental dirixido á persoa promotora que ten por obxecto delimitar sobre o contido, a amplitude, nivel de detalle e grao de especificación que debe ter o estudo ambiental estratéxico e o estudo de impacto ambiental.
DOCUMENTACIÓN		<ul style="list-style-type: none"> <u>Solicitude</u> de determinación do alcance do estudo de impacto ambiental. <u>Documento de inicio</u>. Conterá, como mínimo, a seguinte información: <ul style="list-style-type: none"> a) A definición e as características específicas do proxecto, incluída a súa localización, viabilidade técnica e o seu probable impacto sobre o medio ambiente, así como unha análise preliminar dos efectos previsibles sobre os factores ambientais derivados da vulnerabilidade do proxecto fronte a riscos de accidentes graves ou de catástrofes. b) As principais alternativas que se consideran e unha análise dos potenciais impactos de cada unha delas. c) Unha diagnose territorial e do medio ambiente afectado polo proxecto.
OBRIGATORIO	Non	
PRAZOS		<p>2 MESES: Para a realización das actuacións previas de consultas e para a elaboración do documento de alcance, 2 meses, contados desde a recepción da solicitude do documento de alcance.</p> <p>20 DÍAS: Para o pronunciamento das administracións públicas afectadas e as persoas interesadas consultadas sobre o documento de alcance do estudo de impacto ambiental, 20 días hábiles desde a recepción da documentación.</p> <p>6 MESES A 1 ANO: Para a elaboración do estudo de impacto ambiental, 6 meses desde a comunicación á persoa promotora do documento de alcance. Este prazo poderá ser prorrogado ata un máximo total de 1 ano por solicitude razoada do suxeito promotor.</p>
TRÁMITE EN LIÑA	Si	IN408A - Autorización de instalacións de produción de enerxía eléctrica.
PRESENCIAL	Non	
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (art. 34). Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental (art. 33). Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (art. 29).

Proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) que, se é o caso, se achegue á solicitude

DESCRICIÓN

Todas as referencias ao proxecto sectorial entenderanse referidas á figura de proxecto de interese autonómico da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Os proxectos de interese autonómico son os instrumentos de intervención directa na ordenación do territorio da comunidade autónoma que teñen por obxecto planificar e proxectar determinadas actuacións, sempre que transcendan o ámbito municipal pola súa incidencia territorial, económica, social ou cultural, a súa magnitude ou as súas singulares características que as fagan portadoras dun interese supramunicipal cualificado.

DOCUMENTACIÓN

O proxecto sectorial elaborárase co contido e a documentación exixidos nos artigos 44 e 45 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, para os proxectos de interese autonómico⁵.

OBRIGATORIO

Si

No caso de que a clasificación do solo non sexa compatible con este tipo de infraestruturas pero que o proxecto se sitúe nunha das áreas de desenvolvemento eólico (ADE) delimitadas no Plan sectorial eólico de Galicia.

NORMATIVA

- Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental (arts. 29.e, 33.7, 40).

TAXA DE VERIFICACIÓN DE REQUISITOS E CAPACIDADES

ÓRGANO RESPONSABLE

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.
Axencia Tributaria de Galicia.

DESCRICIÓN

Para poder solicitar a autorización administrativa previa e de construción debe presentarse o xustificante de pagamento da taxa "32.37.01 Verificación de capacidades da persoa solicitante e requisitos técnicos do proxecto".

DOCUMENTACIÓN

Modelo 731 ou modelo de autoliquidación.

OBRIGATORIO

Si

Requisito documental previo para a admisión a trámite da solicitude da autorización administrativa previa e de construción.

PRAZOS

Previo

Antes de iniciar os trámites de solicitude da autorización administrativa previa e de construción.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

Oficina Virtual Tributaria.

PRESENCIAL

Si

Imprimir o modelo 731 cuberto ou o modelo de autoliquidación en branco para efectuar o pagamento presencial nunha entidade financeira colaboradora.

5 / Artigo 29 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

NORMATIVA

- Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (anexo III. 37.01).
- Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental (art. 29.4.g).

IN408A - Autorización de instalacións de produción de enerxía eléctrica

ÓRGANO RESPONSABLE

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

DOCUMENTACIÓN

En función da solicitude que se presente, deberá achegar a documentación que a continuación se indica:

- Documentación xustificativa da capacidade legal, técnica e económica.
- Proxecto de execución suscrito por persoa técnica competente e con visado colexial ou, se é o caso, con declaración responsable da dita persoa técnica.
- Relación de bens e dereitos afectados, se é o caso.
- Documentación ambiental segundo o establecido na Lei 21/2013.
- Separatas técnicas para as entidades con bens ou dereitos afectados.
- Proxecto sectorial.
- Xustificante de pagamento de taxas.
- Copia do resgardo da garantía económica a que fan referencia os artigos 59 bis ou 66 bis do Real decreto 1955/2000.
- Plano de situación en formato SHP (anexos I, II, III, segundo corresponda).
- Outra (permiso de acceso).

OBRIGATORIO

Si

TRÁMITE EN LIÑA

Si

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=IN408A>

PRESENCIAL

Non

NORMATIVA

- Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.
- Orde do 22 de outubro de 2015 pola que se adaptan e incorporan á sede electrónica da Xunta de Galicia os procedementos administrativos de prazo aberto da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Unha vez presentadas polo promotor as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción de parques eólicos, serán estudadas pola **Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais**, que verificará o cumprimento dos requisitos indicados. Deste estudo pode resultar:

- A verificación do incumprimento dos ditos requisitos, que dará lugar a unha resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais en que declarará a inadmisión da solicitude.

- A verificación do cumprimento, caso en que a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais lle notificase á persoa solicitante a admisión a trámite para que proceda ao pagamento da **taxa de autorización administrativa**.

A presentación do xustificante de pagamento da taxa nun prazo máximo de 1 mes será requisito necesario para que prosiga a tramitación, de forma que, se o suxeito promotor non achega a xustificación no prazo establecido, o órgano competente determinará que este desiste da súa solicitude.

TAXA DE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA DAS INSTALACIÓNS DE PARQUES EÓLICOS

ÓRGANO RESPONSABLE		Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. Axencia Tributaria de Galicia.
TRAMITACIÓN		<ul style="list-style-type: none"> • En caso de cumprimento dos requisitos da solicitude presentada, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais notificaralle á persoa solicitante a súa admisión a trámite para que proceda ao pagamento da taxa de autorización administrativa das instalacións de parques eólicos (código 32.37.02) (tarifas vixentes de taxas).
DOCUMENTACIÓN		Modelo 731 ou modelo de autoliquidación.
OBRIGATORIO	Si	A presentación do xustificante de pagamento da taxa será requisito necesario para que prosiga a tramitación.
PRAZO	1 mes	Prazo máximo para presentar o xustificante de pagamento da taxa.
TRÁMITE EN LIÑA	Si	Oficina Virtual Tributaria
PRESENCIAL	Si	Imprimir o modelo 731 cuberto ou o modelo de autoliquidación en branco para efectuar o pagamento presencial nunha entidade financeira colaboradora.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> • Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (anexo III. 37.02). • Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental (art. 33.4).

4. PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE PARA QUE O PROXECTO POIDA SER DECLARADO INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA

Unha vez descritos os pasos necesarios para que a solicitude sexa admitida a trámite, é importante resaltar que as iniciativas empresariais que reúnan os requisitos exixidos pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, poden solicitar a declaración de iniciativa empresarial prioritaria.

Esta declaración leva vencellados diversos beneficios para as persoas promotoras. Concretamente na fase en que nos atopamos, como norma de xeral aplicación, a tramitación das solicitudes admitidas realizarase respectando a estrita orde temporal da súa data de presentación. Non obstante, mediante resolución motivada do centro directivo competente en materia de enerxía, esta poderá determinarse en función, entre outros aspectos, de que o proxecto teña sido declarado iniciativa empresarial prioritaria, de acordo coa normativa aplicable.

Declaración como iniciativa empresarial prioritaria

ÓRGANO RESPONSABLE

Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).
Consello da Xunta.

DESCRIPCIÓN

Requisitos para a declaración como iniciativa empresarial prioritaria no ámbito do sector eólico:

Que cumpran, polo menos, dous dos seguintes requisitos:

- Que supoñan un volume de investimento mínimo en activos fixos, excluídos os inmobiliarios, dun millón de euros, incluídos aqueles proxectos de xeración eléctrica a partir de fontes renovables en que o destino final da enerxía eléctrica producida sexa o abastecemento da industria galega.
- Instrumentos de mobilización, recuperación, posta en produción e aproveitamento sustentable de terras agrarias e forestais, así como plans ou actuacións integrais de desenvolvemento rural.
- Que complementen cadeas de valor ou que pertencan a sectores considerados estratéxicos ou que se integren no financiamento do instrumento temporal de recuperación europea Next Generation EU.

No caso dos proxectos eólicos regulados na Lei 8/2009, do 22 de decembro, que non estean asociados ao autoconsumo industrial, tamén aqueles proxectos que xustifiquen:

- Un compromiso industrial asociado á implantación do proxecto eólico que supoña a creación ou consolidación dun volume mínimo de 25 postos de traballo directos en Galicia, baixo a modalidade de contrato indefinido e computados a xornada completa;
- A totalidade dos compromisos industriais derivados da Orde do 29 de marzo de 2010;
- Ou aqueles proxectos que supoñan un volume de investimento, tendo en conta o valor medio anual en función da tecnoloxía de mercado, superior a 20 millóns de euros, sempre que posúan un permiso de acceso e conexión firme e vixente e que contén con infraestruturas de evacuación autorizadas ou executadas e en funcionamento que permitan a vertedura á rede de transporte ou distribución da enerxía eléctrica xerada.

O Consello da Xunta de Galicia poderá, mediante acordo, reducir os limiares sinalados na letra a) cando se trate de iniciativas de emprendemento colectivo ou que contribúan á integración sociolaboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión mediante fórmulas empresariais da economía social.

DOCUMENTACIÓN

- Formulario de solicitude cuberto correspondente ao procedemento en liña IG300D.
- Informe detallado da iniciativa proxectada coa acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos pola norma.
- Documentación acreditativa das medidas que cómpre instaurar.

PROCEDEMENTO

- Iniciarase por solicitude da persoa interesada dirixida ao IGAPE, acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos.
- O IGAPE poderá solicitar informes das consellerías afectadas, valorará se cumpre cos requisitos e emitirá un informe vinculante, remitindo a solicitude e toda a documentación acreditativa á Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
- A declaración será acordada polo Consello da Xunta de Galicia por proposta da dita Vicepresidencia.

EFECTOS DA DECLARACIÓN

- Priorización dos trámites baixo competencia da Administración autonómica.
- Redución dos prazos establecidos para o procedemento ordinario á metade, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.
- A Oficina Doing Business en Galicia realizará o seguimento e impulso dos trámites administrativos posteriores necesarios para a súa implantación.

OBRIGATORIO

Non

PRAZOS

TRÁMITE EN LIÑA Si IG300D - Declaración de iniciativa empresarial prioritaria.

PRESENCIAL Non

NORMATIVA

- Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia (título IV, artigos 42 e seguintes).

Tras ser declarado un proxecto como iniciativa empresarial prioritaria, a **Oficina Doing Business en Galicia** realizará o seguimento e impulso dos trámites administrativos posteriores necesarios para a súa implantación.

5. FASE DE SOLICITUDE E EMISIÓN DO INFORME
DE DISTANCIAS E OUTROS INFORMES SECTORIAIS
QUE DEBAN SER EMITIDOS POLOS ÓRGANOS
COMPETENTES

Nesta fase, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais envía unha copia do proxecto sectorial do parque eólico ao órgano autonómico competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, para que este emita, nun prazo máximo de 20 días, o **informe sobre o cumprimento dos requisitos de distancias establecidos no Plan sectorial eólico de Galicia**.

É tamén neste momento cando se poderán solicitar todos os informes sectoriais previos que estime necesarios a Dirección Xeral, en función das posibles afeccións que poidan resultar incompatibles co proxecto, que serán emitidos no prazo máximo de 1 mes.

A tal efecto, no suposto de que as instalacións eólicas se sitúen en solo rústico de especial protección, de conformidade co establecido no artigo 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, 51.2 e 63.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización autonómica ou o informe favorable do órgano que teña competencia sectorial correspondente.

Cando as actuacións a realizar afecten a bens materiais inmoables protexidos polo seu valor cultural e aos seus contornos de protección e áreas de amortecemento, debe obterse con carácter previo a autorización ou informe favorable da administración competente en materia de patrimonio cultural. Igualmente, no caso de que as intervencións afecten a bens inmateriais protexidos polo seu valor cultural débese informar á administración competente en materia de patrimonio cultural.

Obtido o informe de cumprimento de distancias, e no caso de seren favorables todos os informes sectoriais previos solicitados, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais enviará o expediente á **unidade tramitadora**, que se determinará en función dos seguintes criterios:

- Nos supostos de parques eólicos cuxa implantación afecte a unha única provincia, a unidade tramitadora será a **xefatura territorial** que corresponda.
- Nos supostos de parques eólicos cuxa implantación afecte a máis dunha provincia, a unidade tramitadora será a **Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais**.

6. TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA, AUDIENCIA E CONSULTAS

A unidade responsable da tramitación, que se determinará en función dos criterios sinalados no anterior apartado, someterá a información pública, mediante a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, de forma simultánea:

- O **proxecto de execución**,
- O **estudo de impacto ambiental** no caso de avaliación ambiental ordinaria e,
- Se é o caso, o **proxecto sectorial** (proxecto de interese autonómico).

E, no caso de que se solicite a **declaración de utilidade pública**, realizarase de forma simultánea o trámite de información pública mediante a súa publicación nun dos xornais de maior circulación de cada unha das provincias afectadas.

Durante o prazo indicado no anuncio, calquera persoa, entidade ou organismo interesado poderá presentar cantas alegacións estime oportunas ou solicitar o exame do expediente e da documentación técnica.

As alegacións presentadas serán trasladadas á persoa promotora para que formule a contestación e posteriormente a comunique á unidade tramitadora no prazo máximo de 15 días.

De xeito simultáneo ao trámite de información pública, a unidade tramitadora realizará o **trámite de audiencia e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas**, solicitando, polo menos, os informes preceptivos indicados para a avaliación ambiental e de aprobación do proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico), e dando audiencia aos concellos afectados.

Así mesmo, enviaranse de forma simultánea as separatas do proxecto presentado ás distintas administracións, organismos ou empresas do servizo público e de servizos de interese xeral afectados, con bens e dereitos ao seu cargo, co obxecto de que establezan o condicionado técnico procedente do proxecto de execución.

7. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DEFINITIVA POLA PERSOA PROMOTORA

Unha vez rematados os trámites de información pública e de audiencia e consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, a unidade tramitadora dará traslado á persoa promotora dos informes e alegacións recibidos, para que este faga as modificacións e adaptacións necesarias no proxecto de execución, estudo de impacto ambiental e proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico), e presente a documentación definitiva. A persoa promotora disporá do prazo de 1 mes para presentar os documentos definitivos adaptados para continuar co procedemento.

ÓRGANO RESPONSABLE		<p>A unidade tramitadora será a:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Xefatura territorial correspondente da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. • Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais (nos supostos de parques eólicos cuxa implantación afecte a máis dunha provincia).
TRAMITACIÓN		<p>A unidade tramitadora enviaralle á persoa promotora os informes e as alegacións recibidas para a súa conformidade e/ou consideración na redacción do:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Proxecto de execución • Estudo de impacto ambiental • Proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) co fin de que realice as modificacións e adaptacións de cada un destes documentos.
OBRIGATORIO	Si	
PRAZO	1 mes	<ul style="list-style-type: none"> • Prazo máximo para que a persoa promotora presente os documentos definitivos adaptados para continuar co procedemento. • No caso de non presentar a documentación no prazo indicado, entenderase que a promotora ou promotor desiste da solicitude de autorización administrativa e archivarase a solicitude sen máis trámites. O arquivo da solicitude será realizado pola unidade tramitadora, que llo comunicará ao órgano competente.
TRÁMITE EN LIÑA	Si	IN408A - Autorización de instalacións de produción de enerxía eléctrica.
PRESENCIAL	Non	
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> • Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental (art. 33.15).

Unha vez recibida e analizada a documentación presentada pola persoa promotora, a unidade tramitadora emitirá o **informe definitivo favorable**, se é o caso, e dará traslado do expediente ao órgano substantivo.

A continuación a unidade tramitadora emitirá, ou solicitará á xefatura territorial onde se sitúe a instalación, o informe relativo á normativa de instalacións industriais eléctricas.

8. AVALIACIÓN AMBIENTAL

A continuación, o órgano substantivo procederá, no prazo de 10 días hábiles desde a súa recepción, á revisión documental do expediente de avaliación de impacto ambiental antes de remitirlllo ao órgano ambiental.

O órgano substantivo remitiralle ao órgano ambiental a solicitude de avaliación de impacto ambiental ordinaria e dos documentos de que debe ir acompañada, no prazo de 10 días hábiles desde a finalización da revisión documental daquel, e, de ser o caso, a emenda das deficiencias que puider presentar.

O órgano ambiental poderá resolver, se é o caso, a inadmisión da solicitude de iniciación da avaliación de impacto ambiental ordinaria, no prazo de 10 días hábiles desde a súa recepción.

O órgano ambiental efectuará unha análise formal do expediente e comprobará que está completo. Se non o está, o órgano ambiental requirirá o órgano substantivo para que o complete no prazo de 3 meses.

Unha vez completado formalmente o expediente, o órgano ambiental efectuará a análise técnica deste. Se durante a análise se comproba que algún dos informes perceptivos resulta insuficiente, o órgano ambiental requirirá o órgano substantivo para que se completen os informes, no prazo de 2 meses.

O órgano ambiental disporá dun prazo de 3 meses para a análise técnica do expediente e a formulación da **declaración de impacto ambiental**, contados desde a recepción completa do expediente de avaliación de impacto ambiental, prorrogables por un mes adicional debido a razóns xustificadas e debidamente motivadas. Este prazo reducirase a un mes cando o estudo de impacto ambiental estea verificado por unha entidade de colaboración ambiental⁶.

6 / A avaliación ambiental ordinaria será de aplicación nos seguintes proxectos:

Para parques eólicos con 50 ou máis aerogeneradores, máis de 30 MW ou que se atopen a menos de 2 km doutro parque; ou de máis de 10 aerogeneradores ou 6 MW de potencia cando se desenvolvan en áreas naturais protexidas.

Os proxectos non incluídos nestes supostos deberán someterse a avaliación ambiental simplificada, salvo as instalacións destinadas a autoconsumo que non excedan os 100 kW de potencia total.

Neste catálogo considérase a posibilidade de que a autorización do proxecto estea sometida ao trámite de avaliación ambiental ordinaria, por ser o caso máis frecuente na tramitación de novos parques eólicos.

As entidades de colaboración ambiental regúlanse na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.

Artigo 41. Entidades de colaboración ambiental

1. Son entidades de colaboración ambiental as entidades dotadas de personalidade xurídica e plena capacidade de obrar que, unha vez cumpridos os requisitos que se prevén neste artigo, desenvolven no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as seguintes actuacións, na forma que se determine regulamentariamente:

a) Verificación da conformidade coa normativa aplicable dos plans, programas e proxectos que se vaian someter á avaliación ambiental.

b) Colaboración na tramitación dos procedementos de avaliación ambiental, en particular na realización dos trámites de información pública e consultas e na análise técnica dos expedientes.

c) Colaboración no seguimento dos pronunciamentos ambientais.

d) Colaboración nas funcións de inspección ambiental.

A declaración de impacto ambiental terá a natureza de informe preceptivo e determinante, que concluirá sobre os efectos significativos do proxecto no medio ambiente e, se é o caso, establecerá as condicións en que pode desenvolverse durante a execución e a explotación e, se é o caso, o cesamento, o desmantelamento ou demolición do proxecto, así como as medidas preventivas, correctoras e compensatorias.

O órgano ambiental disporá dun prazo de 10 días hábiles para publicar no Diario Oficial de Galicia a declaración de impacto ambiental ou a resolución de autorización ou denegación do proxecto desde a súa formulación.

9. RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA E DE CONSTRUCCIÓN

A valoración positiva ambiental exigible ao proxecto, así como dispoñer do informe de cumprimento de distancias e do permiso de acceso e conexión á rede de transporte ou distribución serán requisitos indispensables para o outorgamento da autorización administrativa previa e de construción.

A dirección xeral competente en materia de enerxía ditará resolución respecto do outorgamento da **autorización administrativa previa e da autorización administrativa de construción** do parque eólico no prazo máximo de 2 meses, contado desde a recepción da documentación completa no órgano competente para resolver o procedemento.

A resolución de autorización administrativa previa e de construción expresará que a persoa promotora disporá dun prazo de 3 anos, contado a partir do seu outorgamento, para solicitar a correspondente autorización de explotación⁷.

⁷ / Artigo 34 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

10. APROBACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL (PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO)

Completados os trámites da instrución do procedemento relativos ao proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico), o Consello da Xunta, por proposta da persoa titular da consellería competente en materia de enerxía, e contando co informe preceptivo previo do organismo con competencias en materia de ordenación do territorio, que deberá ser emitido no prazo máximo de 2 meses, aprobará definitivamente, de proceder, o **proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico)**, coas modificacións ou correccións que considere convenientes.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, logo da súa aprobación definitiva polo Consello da Xunta, deberá procederse á inscrición do proxecto aprobado no **Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia**, por parte da Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Unha vez inscrito e para a súa entrada en vigor, deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica da Xunta de Galicia o acordo de aprobación definitiva e as súas disposicións normativas, así como a dirección electrónica na que poderá consultarse o contido íntegro do instrumento e os extremos esixidos pola normativa en materia de avaliación ambiental.

11. DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA

Así mesmo, unha vez resolta a autorización previa e de construción, ou conxuntamente con estas, a dirección xeral competente en materia de enerxía poderá acordar o outorgamento do recoñecemento da utilidade pública da instalación, sen prexuízo da competencia do Consello da Xunta, en caso de oposición de organismos ou outras entidades de dereito público.

A declaración de utilidade pública implicará en todo caso a necesidade de ocupación dos bens e a adquisición dos dereitos afectados, comportando a urxente ocupación para os efectos do inicio do procedemento expropiatorio.

11.1 TRÁMITE E DECLARACIÓN DE COMPATIBILIDADE OU PREVALENCIA

Cando a persoa promotora do parque eólico solicite o recoñecemento de utilidade pública, pero a persoa titular doutro interese público radicado no mesmo espazo territorial se opoña á súa declaración, por entender que a autorización e a posterior instalación do parque eólico a prexudicarían, procederase por parte da Administración a determinar a compatibilidade ou incompatibilidade dos aproveitamentos enfrontados, declarándose, en caso de incompatibilidade, a prevalencia dun deles.

O procedemento iniciara a dirección xeral competente en materia de enerxía unha vez solicitado o recoñecemento da utilidade pública pola persoa promotora, en canto tivese coñecemento da existencia de aproveitamentos que puidesen ser incompatibles.

O órgano tramitador dará audiencia aos titulares de dereitos afectados, concedéndolles un prazo de 15 días para presentar alegacións. Unha vez rematado o trámite de audiencia, remitiralle o expediente ao órgano substantivo, que emitirá no prazo de 20 días hábiles informe sobre a compatibilidade ou a incompatibilidade do aproveitamento afectado.

Cando a compatibilidade ou prevalencia se suscitase entre aproveitamentos en que sexa competente para a súa autorización a consellería competente en materia de enerxía, a declaración de utilidade pública e, se é o caso, a declaración de compatibilidade ou prevalencia serán realizadas pola persoa titular da consellería en materia de enerxía no prazo máximo de 2 meses, contados desde a recepción da documentación completa. A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios, podendo interpoñerse os recursos que procedan.

No caso de que as autorizacións ou títulos habilitantes para os aproveitamentos sexan competencia de máis dunha consellería, a declaración de utilidade pública do parque eólico e, se é o caso, a declaración de compatibilidade ou prevalencia será realizada polo Consello da Xunta, ao que se remitirá o expediente co informe das consellerías afectadas, no prazo máximo de 2 meses, contado desde a recepción da documentación completa. A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios, podendo interpoñerse os recursos que procedan.

12. TRAMITACIÓN MUNICIPAL

Unha vez que a persoa promotora dispoña da autorización administrativa previa e de construción, da titularidade dos terreos necesarios (ou se produciu a transmisión do dominio no caso de ter que recorrer ao procedemento expropiatorio), e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) conte coa aprobación definitiva, poderá proceder a iniciar os trámites municipais.

12.1 POSIBILIDADE DE PRESENTAR CONSULTAS PREVIAS ANTE O CONCELLO

No relativo aos trámites municipais que debe realizar a persoa promotora, o primeiro que deberá ter en conta é a necesidade de consultar, con carácter previo, as ordenanzas que fosen aprobadas polo concello onde se pretende desenvolver a actividade, no exercicio da súa potestade regulamentaria.

No caso de que as instalacións previstas no proxecto estivesen situadas en zonas limítrofes a dous ou máis concellos, resultaría adecuado que a persoa promotora se asegurase de coñecer os límites municipais, coa realización dunha consulta no Instituto Xeográfico Nacional, da liña límite vixente⁸.

Para garantir a axeitada presentación da documentación necesaria para o inicio da actividade, as persoas promotoras teñen a posibilidade de formular consultas por escrito ao concello, que deberán acompañar de todos aqueles datos e documentos que permitan identificar claramente a información que lles requiren.

12.2 ABOAMENTO DOS TRIBUTOS QUE PROCEDAN, DE SER O CASO

Resulta especialmente relevante neste intre **consultar as ordenanzas fiscais** do concello, co fin de satisfacer os tributos relacionados co establecemento da actividade que, se é o caso, tivesen sido obxecto de acordo de imposición, debendo destacar os seguintes:

Aboamento da taxa de outorgamento de licenza/ presentación de comunicación previa

XESTIÓN DO TRÁMITE	Administración local.
DESCRICIÓN	<p>As entidades locais poderán establecer taxas por calquera suposto de prestación de servizos ou de realización de actividades administrativas de competencia local, e en particular polos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">• Outorgamento das licenzas urbanísticas exixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana ou realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a exixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.• Outorgamento das licenzas de apertura de establecementos ou realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a exixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.• Outros supostos vinculados á prestación de servizos ou á realización de actividades administrativas de competencia local. <p>En todo caso, deberá consultarse a normativa local aplicable.</p>
DOCUMENTACIÓN	<ul style="list-style-type: none">• Documento de liquidación ou autoliquidación (se é o caso).
OBRIGATORIO	Si Naqueles municipios en que se acordase a súa imposición.

⁸ / As representacións gráficas que presenta o IGN non sempre están actualizadas con técnicas modernas que permitan unha determinación precisa da liña límite legal existente entre algúns concellos. Neste caso a persoa promotora podería solicitar que se realizase unha actualización de dita liña límite que poderían inscribir por iniciativa propia segundo permite o artigo 17.2 do Real decreto 1545/2007, do 23 de novembro, polo que se regula o Sistema Cartográfico Nacional.

TRÁMITE EN LIÑA Si

A través das sedes electrónicas municipais (ou da deputación, se é o caso).

NORMATIVA

- [Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.](#)
- Ordenanzas fiscais do municipio.

Aboamento do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO)

XESTIÓN DO TRAMITE

Administración local.

DESCRIPCIÓN

- O ICIO é un tributo indirecto, de imposición potestativa, cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se exixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a dita licenza, ou para a que se exixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control lle corresponda ao concello da imposición.
- Son suxeitos pasivos deste imposto os donos ou donas da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios/as do inmovible sobre o que se realice aquela, é dicir, quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.
- A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra (custo de execución material), nos termos recollidos na normativa de facendas locais, e o tipo de gravame do imposto será o fixado por cada concello, sen que este tipo poida exceder o 4 %.
- O municipio poderá establecer bonificacións potestativas sobre a cota deste imposto, entre as que cabe destacar a posible existencia, se así se regula nas ordenanzas fiscais municipais, dunha bonificación de ata o 95 % da cota a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorreren circunstancias vinculadas, entre outros factores, ao fomento do emprego.
- O municipio poderá exixir a autoliquidación por parte do suxeito pasivo ou o seu substituto.

En todo caso, deberá consultarse a normativa local aplicable.

DOCUMENTACIÓN

- Documento de liquidación ou autoliquidación (se é o caso).

OBRIGATORIO Si

Naqueles municipios en que se acordase a súa imposición.

TRÁMITE EN LIÑA Si

A través das sedes electrónicas municipais (ou da deputación, se é o caso).

NORMATIVA

- [Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.](#)
- Ordenanza fiscal do municipio en cuestión.

Con todo, a persoa promotora deberá proceder á consulta dos elementos doutros tributos municipais relacionados co posterior exercicio da actividade que non se abordan neste catálogo, como poden ser o imposto sobre actividades económicas ou o imposto sobre bens inmovibles, entre outros.

12.3 OBRAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

Nos casos en que se pretende a creación dun novo parque eólico, o inicio da actividade precisará de obras que permitan a súa realización, polo que o primeiro que a persoa promotora deberá saber é que todos os actos de transformación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo requiren, para o seu lícito exercicio, **de outorgamento de licenza municipal ou de presentación de comunicación previa no concello**, en función do acto de que se trate.

Solicitud de licenza municipal para a realización de obras

XESTIÓN DO TRAMITE

Administración local.

DESCRIPCIÓN

Estarán suxeitos a **licenza municipal**, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

- Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
- As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
- Os muros de contención de terras, cando a súa altura sexa igual ou superior a metro e medio.
- Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.
- A primeira ocupación dos edificios.
- A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente.
- A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público, agás as autorizadas en solo rústico polos órganos competentes en materia forestal.

Todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non sinalados quedan sometidos ao réxime de **comunicación previa urbanística**.

DOCUMENTACIÓN

A solicitude de licenza conterá os seguintes datos e documentos:

- Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de notificacións.
- Descrición suficiente das características do acto de que se trate, que detalle os aspectos básicos deste, a súa localización e a edificación ou inmovle a que afecte, así como a súa referencia catastral.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por persoal técnico competente, na forma e co contido que se indica na normativa aplicable.
- Os proxectos de obras irán acompañados do correspondente oficio de dirección destas, no cal se identificará o persoal técnico ao cal se lle teñen encomendadas.
- Cando non sexa exixible un proxecto técnico, a solicitude irá acompañada dunha memoria descritiva e gráfica que defina as características xerais do seu obxecto e do inmovle en que se pretenda levar a cabo.
- No caso de solicitudes de licenza de primeira ocupación de edificacións, certificado final de obra de persoa técnica competente en que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

- Documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras.
- Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles.
- De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.

Dado que a obra ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa solicitude da licenza, presentarase a documentación requirida en relación con esta.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

PRAZO

As peticións de licenza resolveranse no prazo de **3 meses** desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Porén, cando unha solicitude de licenza urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, o prazo de resolución do procedemento poderá ser de 1 mes, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa, incluída a certificación de conformidade, no rexistro do concello. Este prazo pode reducirse a 15 días naturais en determinados supostos⁹.

OBRIGATORIO

Si

Nos casos en que resultase preceptiva en función do acto que se pretenda realizar.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

A través das sedes electrónicas municipais.

NORMATIVA

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.
- Ordenanzas municipais aplicables.

Comunicación previa para a realización de obras

XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local.

DESCRIPCIÓN

Todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza quedan sometidos ao réxime de comunicación previa urbanística. En particular, sométense ao réxime de comunicación previa:

- A execución de obras ou instalacións menores.
- A utilización do solo para o desenvolvemento de actividades mercantís, industriais, profesionais, de servizos ou outras análogas.
- O uso do voo sobre as edificacións e instalacións de calquera clase.
- A modificación do uso de parte dos edificios e instalacións, en xeral, cando non teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio nin implantar un uso residencial.

⁹ / Artigos 54.3 e 55.2 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia: Os proxectos de instalacións de produción eléctrica e de autoconsumo a partir de fontes renovables, incluíndo as súas infraestruturas de evacuación, en cuxo procedemento de autorización substantiva enerxética fose consultado o concello afectado cando se lle solicite informe preceptivo e vinculante, así como as instalacións de distribución eléctrica de baixa tensión.

- A extracción de granulados para a construción e a explotación de canteiras, aínda que se produza en terreos de dominio público e estean suxeitos a concesión ou autorización administrativa.
- As actividades extractivas de minerais, líquidos e de calquera outra materia, así como as de verteduras no subsolo.
- A instalación de invernadoiros.
- A colocación de carteis e paneis de propaganda visibles desde a vía pública, sempre que non estean en locais pechados.
- Os cerramentos e valados de predios.

DOCUMENTACIÓN

A comunicación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de notificacións.
- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, se é o caso, proxecto técnico legalmente exixible.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.
- Copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles á persoa solicitante, ou acreditación de que se solicitou o seu outorgamento. Para estes efectos, no caso de non se teren emitido os informes no prazo legalmente establecido, acreditarase tal circunstancia.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso a que se destinen as obras.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento.
- Documento de formalización da cesión, se é o caso.
- Data de inicio e finalización das obras.

Dado que a obra ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa, presentarase a documentación requirida en relación con esta.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

PRAZOS

No caso das comunicacións previas urbanísticas, a persoa promotora, con carácter previo á execución do acto de que se trate, comunicarlle ao concello a súa intención de levar a cabo o acto cunha antelación mínima de quince días hábiles á data en que pretenda comezar a súa execución.

Dentro dos quince días hábiles seguintes á comunicación, o concello, sen prexuízo da comprobación do cumprimento dos requisitos, poderá declarar completa a documentación presentada ou requirir a reparación das deficiencias que esta conteña, adoptando neste caso, de forma motivada, as medidas provisionais que entenda oportunas, comunicándollas á persoa interesada por calquera medio que permita acreditar a súa recepción.

Con carácter xeral, transcorrido o prazo de 15 días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos exixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a esta, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.

Cando unha comunicación urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, habilitará con efectos inmediatos desde a súa presentación no rexistro do concello para a realización do acto que constitúa o seu obxecto, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.

OBRIGATORIO

Si

Nos casos en que non sexa preceptiva licenza para a realización das obras.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

A través das sedes electrónicas municipais.

NORMATIVA

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.
- Ordenanzas municipais aplicables.

No caso dos proxectos para a creación de novos parques eólicos, antes de presentar a solicitude de licenza, as persoas promotoras deberán ter en conta os seguintes aspectos:

- Cando os actos de edificación e uso do solo e subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixirase que a persoa promotora dispoña das autorizacións ou concesións preceptivas previas outorgadas por parte da persoa titular do dominio público¹⁰.
- Non se poderá conceder licenza ou presentar comunicación previa urbanística sen que se dispoña do outorgamento previo das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas cando sexan procedentes.

Asemade, ao tratarse de obras que teñen por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, establécese un réxime específico¹¹ que determina que a persoa promotora **deberá consignar expresamente esa circunstancia** e presentar ante o concello a seguinte documentación:

- Os datos identificativos da persoa física ou xurídica titular da actividade ou do establecemento e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de recibir notificacións.
- Unha memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento onde se vai desenvolver.
- O xustificante do pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- Unha declaración da persoa titular da actividade, de ser o caso, subscrita por persoal técnico competente, na cal manifesta que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.
- O proxecto e a documentación técnica que resulte exigible segundo a natureza da actividade ou instalación redactados e asinados por persoal técnico competente.
- A autorización ou declaración ambiental, de ser o caso.
- As demais autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.
- De ser o caso, o certificado emitido por unha entidade de certificación de conformidade municipal.

10 / Cabe destacar, a necesidade, no seu caso, da tramitación do procedemento de autorización de ocupación de dominio público portuario, en portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, cando resultase preciso, en función do proxecto concreto.

11 / Artigo 24.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia; artigo 11.2 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos; e artigo 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

13. OUTROS TRÁMITES PREVIOS Á EXECUCIÓN DAS OBRAS

Unha vez obtida a autorización municipal habilitante, a persoa promotora deberá comunicarlle a data de inicio das obras cunha antelación de 1 mes ao órgano substantivo, deixando constancia do cumprimento de todas as condicións previas ao inicio das obras que, se é o caso, tivesen sido exixidas nos informes sectoriais.

A persoa promotora deberá depositar un aval para garantir o cumprimento das medidas correctoras e responder da reparación dos posibles danos que se lle poidan causar ao medio ambiente e do custo de restauración, de acordo co disposto no Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

Depósito do aval para garantir o cumprimento das medidas correctoras e responder da reparación dos posibles danos ao medio ambiente recollidos na declaración de impacto ambiental.

DESCRIPCIÓN

O órgano administrativo competente para o outorgamento dunha autorización de proxectos, obras e actividades que fosen susceptibles de afectar o medio ambiente, nos termos da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, cando na dita autorización se impoñan medidas correctoras, poderá exixir a constitución dunha garantía persoal mediante aval que garanta suficientemente o cumprimento destas e a reparación dos posibles danos e o custo da restauración.

A constitución do aval, a plena satisfacción do órgano administrativo requirente, será condición previa para o exercicio da actividade ou inicio dos traballos a que se refira a autorización.

A contía dos avais deberá ser fixada polo órgano substantivo outorgante da autorización, por proposta do órgano ambiental.

DOCUMENTACIÓN

Para a constitución dunha garantía, é necesario que quen vaia constituíla saiba, para poder cubrilos, os seguintes datos que deben figurar no resgardo:

- Nome ou razón social da persoa ou entidade constituínte ou garantida e NIF.
- Norma que impón a constitución da garantía ou depósito, finalidade para a que se constitúe e autoridade á disposición da cal se constitúe.

Unha vez constituído o depósito segundo a modalidade elixida (efectivo, aval, seguro de caución ou valores), a Caixa Xeral de Depósitos entregaralle á persoa interesada o correspondente resgardo de constitución da garantía ou depósito.

OBRIGATORIO Si

Caixa Xeral de Depósitos - Presentación Telemática.

TRÁMITE EN LIÑA Si

Caixa Xeral de Depósitos.

NORMATIVA

- Decreto 455/1996, de 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

14. EXECUCIÓN DAS OBRAS E SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE EXPLOTACIÓN

A continuación, a persoa promotora poderá comezar a executar as obras. Durante a execución, deberá remitirle ao órgano substantivo os informes de seguimento das condicións ambientais recollidas na declaración de impacto ambiental, coa periodicidade indicada nesta.

Unha vez rematada a execución das obras, a directora ou director facultativo deberá emitir o correspondente certificado de final de obra.

A seguir, a persoa promotora poderá presentar a correspondente solicitude de autorización de explotación no órgano territorial da consellería competente en materia de enerxía que tramitase o expediente. A dita solicitude deberá ir acompañada do certificado de final de obra suscrito pola técnica ou técnico facultativo competente.

A autorización de explotación será outorgada polo órgano territorial da consellería competente en materia de enerxía que tramitase o expediente, no prazo de 1 mes, unha vez feitas as comprobacións técnicas que se estimen oportunas.

No caso de que a unidade tramitadora fose a dirección xeral competente en materia de enerxía, solicitarase unha autorización de explotación en cada unha das provincias onde estea situada a instalación.

ÓRGANO RESPONSABLE		Órgano territorial da consellería competente en materia de enerxía que tramite o expediente ou dirección xeral (no caso de que afecte a máis dunha provincia).
DESCRIPCIÓN		<ul style="list-style-type: none"> • Unha vez executado o proxecto, presentarse a correspondente solicitude de autorización de explotación no órgano territorial da consellería competente en materia de enerxía que tramite o expediente. • No caso de que a unidade tramitadora fose a dirección xeral competente en materia de enerxía, solicitarase unha autorización de explotación en cada unha das provincias onde estea situada a instalación. • Unha vez concedida a autorización de explotación, procederase a cancelar a garantía económica prevista no Real decreto 1183/2020 depositada polo promotor.
DOCUMENTACIÓN		<ul style="list-style-type: none"> • Solicitude de autorización de explotación. • Certificado de final de obra suscrito por técnica ou técnico facultativo competente, en que conste que a instalación se realizou de acordo coas especificacións contidas na autorización de construción, así como coas prescricións da regulamentación técnica de aplicación á materia.
OBRIGATORIO	Si	Para o inicio da actividade.
PRAZOS	1 mes	A autorización de explotación será outorgada polo órgano territorial da consellería competente en materia de enerxía que tramite o expediente, no prazo de 1 mes, logo das comprobacións técnicas que se estimen oportunas.
TRÁMITE EN LIÑA	Si	IN408A - Autorización de instalacións de produción de enerxía eléctrica.
PRESENCIAL	Non	
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> • Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental (art. 35).

Unha vez obtida a autorización de explotación, a persoa promotora realizará os trámites preceptivos ante o xestor ou xestora da rede (transporte ou distribución) para poñer en tensión a instalación; formalizados todos os documentos necesarios co xestor ou xestora da rede, poderá solicitar a inscrición definitiva no Rexistro administrativo de produción de enerxía eléctrica.

15. COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE E OUTROS TRÁMITES PREVIOS AO INICIO

Unha vez resolta a autorización de explotación, o promotor deberá presentar ante o concello a comunicación previa para o inicio da actividade, sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico ou técnica competente, así como cando proceda o certificado acústico¹².

12 / Artigo 11 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Comunicación previa para o inicio da actividade tras a realización de obras

XESTIÓN DO TRÁMITE		Administración local.
DESCRICIÓN		Cando a actividade requira a execución de obras ou instalacións, non se poderán iniciar ou desenvolver as actividades ata que estean as obras ou instalacións totalmente finalizadas e se presente a comunicación previa correspondente ante o concello.
DOCUMENTACIÓN		<ul style="list-style-type: none">• Datos de identificación da persoa titular.• Referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada.• Certificado final de obra asinado por persoa técnica competente,• Certificado acústico (cando proceda). Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.
OBRIGATORIO	Si	A presentación dunha comunicación previa que cumpra os requisitos exixidos habilita desde o mesmo momento da dita presentación para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que esta se refira, sen prexuízo das actuacións de verificación e control posterior que establece o concello.
TRÁMITE EN LIÑA	Si	A través das sedes electrónicas municipais.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none">• Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.• Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.• Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.• Ordenanzas municipais aplicables.

16. INICIO DA ACTIVIDADE E ABOAMENTO DO CANON EÓLICO

Realizados todos os trámites enumerados, a persoa promotora poderá iniciar a actividade e poñer en funcionamento o parque eólico.

A partir do momento do comezo da actividade, cando se produza a devindicación, o promotor terá que facer fronte anualmente ao pagamento do **canon eólico**, tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia que somete a gravame a xeración de afeccións e impactos ambientais adversos sobre o medio natural e, polo tanto, sobre o territorio, a través da instalación de bens afectos á produción de enerxía eólica.

Con carácter previo, a persoa promotora deberá rexistrar o Parque Eólico no **Censo Electrónico de Parques Eólicos de Galicia (CEPEG)**, a través da Oficina Virtual tributaria (modelo 007).

ÓRGANO RESPONSABLE

Axencia Tributaria de Galicia.

DESCRICIÓN

- O canon eólico é un tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia que somete a gravame a xeración de afeccións e impactos ambientais adversos sobre o medio natural e, polo tanto, sobre o territorio, a través da instalación de bens afectos á produción de enerxía eólica e situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A devindicación producirase na data de outorgamento da autorización de explotación do parque eólico e o primeiro día do ano natural nos sucesivos anos.
- Constitúe a base impoñible a suma de unidades de aeroxeradores existentes nun parque eólico situado no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Bonificación: poderase solicitar cando, como consecuencia da modificación dun parque eólico a través da substitución dos aeroxeradores por outros de maior potencia, se reduza o seu número sen cambiar de tramo de base. A contía da cota nese período bonificarase nunha porcentaxe resultante de multiplicar por 10 o número de unidades de aeroxeradores reducidos.

DOCUMENTACIÓN

- Solicitud de autorización da Dirección da Axencia Tributaria de Galicia para o acceso á Oficina Virtual Tributaria xunto a unha ficha de usuario axustadas aos modelos que atoparán na Oficina Virtual Tributaria.
- Modelo 007: declaración inicial dos datos do parque eólico a través do modelo 007.
- Modelo 012: autoliquidación a través do modelo 012 do imposto mediante as aplicacións informáticas da páxina web da Axencia Tributaria de Galicia.

OBRIGATORIO

Si

PRAZOS

1 MES:

Os suxeitos pasivos deberán, con carácter xeral, presentar electronicamente ante a Atriga, no prazo de 1 mes, contado desde o día seguinte á data da devindicación e, en calquera caso, antes do pagamento e presentación electrónica da autoliquidación, unha declaración inicial dos datos do parque consignados no modelo 007.

20 DÍAS:

Os suxeitos pasivos deberán presentar nos 20 primeiros días naturais do mes de xaneiro o modelo 012 anual, salvo no primeiro ano natural de funcionamento do parque, en que deberán presentar o modelo 012 no prazo dos 20 primeiros días naturais do segundo mes seguinte a aquel en que se produza o pagamento.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

A autoliquidación farase obrigatoriamente a través da Oficina Virtual Tributaria da Axencia Tributaria de Galicia.

PRESENCIAL

Parcial

O pagamento poderase realizar mediante pagamento electrónico ou mediante ingreso presencial en calquera das entidades colaboradoras autorizadas.

NORMATIVA

- Orde do 27 de xaneiro de 2014 pola que se aproban as normas de aplicación do canon eólico.
- Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental (capítulo I, título III).

Este documento é redactado, con fins meramente informativos, pola Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa, da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a modo de consulta e simplificación da normativa aplicable, polo que o seu contido non é vinculante.

Toda a información presente neste catálogo está recollida da lexislación vixente no momento da súa publicación, e debe ser interpretada sempre a teor dela, polo que o catálogo é un documento suxeito a continua evolución.

